

CANLES  
SUPLEMENTOS

Portada | Portada en PDF | Hemeroteca | RSS

Canle Vivenda | Cultura | Deputación da Coruña | Medio Ambiente | Medio Rural | Noticiero Dixital | Turismo | Vicepresidencia  
Altermundo | Bolboreta | Descubrir | Hoxe Venres | Lecer | Océano Internet | Revista das Letras | Universidade

**Maré**

## letras

**Un concurso lembrará a Xosé María Álvarez Blázquez**

A mellor mostra sobre o autor recibirá 3.000 euros

## . REDACCIÓN

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca un concurso para a elaboración dunha exposición sobre o autor que será homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que viviu o escritor. O prazo para a recepción de propostas estará aberto ata o 22 de febreiro.

Este concurso está dirixido a todos os centros de ensino non universitarios, públicos e privados. Establécense dúas categorías. Unha para os centros de ensino Infantil e Primaria e outra para os restantes. Os traballadores recibirán un premio en metálico de 3.000 euros e serán distribuídos ós centros de ensino de toda Galicia.

Os obxectivos desta iniciativa son propiciar a reflexión sociolingüística sobre esa etapa histórica e impulsar a realización de actividades que potencien e impliquen a profesorado e alumnado.

**Certame de epitafios na nosa lingua**

Un total de 480 persoas participaron no concurso de epitafios en galego organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística durante novembro, enmarcado dentro da campaña *En galego tes todo por dicir. E logo!*, para promover o uso do galego entre os mozos e nas novas tecnoloxías.

As propostas destacan polo "seu sentido do humor, a orixinalidade e a peculiar visión da morte presente na tradición galega", segundo asegurou a Xunta. Destacan algunhas como *A súa familia descansa en paz*, *"Desta non saio ou Por unha vez teño a última palabra*.

comentarios

Escribe o teu comentario

